

ACTA DO PLENO ORDINARIO DA CORPORACIÓN, DO 28 DE XANEIRO DE 2016

Na Casa do Concello de Silleda, ás once horas do día vinte e oito de Xaneiro do ano dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da Corporación, en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. Manuel Cuiña Fernández, (PSdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

D^a. Ana Luísa González Costa, (PSdeG-PSOE)

D. Klaus Brey Montaña, (PSdeG-PSOE)

D. Jesús Taboada Lázara, (PSdeG-PSOE)

D^a. M^a del Pilar Peón Iglesias, (PSdeG-PSOE)

D^a. M^a José Fernández Rodríguez, (PSdeG-PSOE)

D^a. Aída Castro Caramés, (PSdeG-PSOE)

D. José Luís Espiño Espantoso, (PP)

D. Ignacio Maríl Pardo, (PP)

D^a. Natalia Iglesias Mendez, (PP)

D^a. M^a del Carmen Folla González, (PP)

D. Matías Rodríguez da Torre, (BNG)

Non asiste: D. José Antonio Ramos Dobarro

INTERVENTOR:

D. Daniel Rodríguez

SECRETARIO XERAL:

D. Manuel Quintáns Queiruga. Faise constar que se inclúen como Anexo as Bases de Emprendedores e a Ordenanza de Normalización Lingüística.

Declárase polo Sr. Alcalde-Presidente aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

A.- PARTE DISPOSITIVA

1º.- ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (Do 23 e 26-11-2015).

Se aproban, coa corrección de que o concelleiro que non asistiu foi José Antonio Ramos Dobarro

2º.- RESOLUCION DE INADMISIBILIDADE DA RECLAMACION DE INDEZA S.L. AOS ORZAMENTOS DO 2016, durante o prazo de exposición pública.

VISTO que durante a exposición pública formulouse unha reclamación por parte da sociedade INDEZA S.L. –registro de 30 Decembro 2015, nº 6983, na que alega, en resumo, que debe figurar a cantidade de débeda total establecida por sentenza firme do Xulgado Contencioso nº 2,

FEITOS E CONSIDERACIONES XURIDICAS

1.- Orzamentos 2016. Os Orzamentos do exercicio do 2016, logo de ser aprobados inicialmente no Pleno celebrado o 26 de Novembro de 2015, e da súa exposición ao público polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte o da inserción do Edito no B.O.P. nº 238 de 10 de Decembro de 2015, formulouse unha reclamación por parte da sociedade INDEZA S.L. –registro de 30 Decembro 2015, nº 6983, na que alega, en resumo, que debe figurar a cantidade de débeda total establecida por sentenza firme do Xulgado Contencioso nº 2 de Pontevedra (PA 310/2006, Execución 53/2013) e non a parcial de 132.208,79 € que constan nos Orzamentos do 2016

2. Normativa Legal: O art. 170.2 do TRLFL establece unha limitación en canto as motivacións que deben reunir tales reclamacións, de carácter taxativo. Só se poden formular as que reúnan un dos tres requisitos sinalados:

2. Unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

CONSIDERANDO que os Orzamentos do 2016 se aprobaron o 26 de Novembro de 2015, cando estaba pendente de tramitación unha proposta de pago fraccionada diante do Xulgado nº 2 –asunto “*sub-iudice*” nese senso-, polo que será esa resolución xudicial a que fixe a cantidade exacta a consignar nos Orzamentos, e que, a maior abundamento, a consignación de 132.208,79 € terá sempre a consideración de ampliable (LXCA), e si fose necesario realizar una modificación orzamentaria, deberá efectuarse a mesma dentro dos tres meses seguintes ao día de notificación da resolución xudicial –art. 104 da LXCA-, polo que, en síntese, o procedemento de pago está perfectamente regulado e garantido, a partir neste caso do auto que fixe os seus prazos, que, dependendo da cuantía, obrigaría a pertinente modificación orzamentaria nese prazo, dobre razón que converte en inadmisíbel a reclamación, subliñando por outra parte que a citada débeda está cedida ou embargada por outras sociedades/entidades acadando un porcentaxe considerable sobre o total, non omitíndose por todo elo o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles.

Polo antes exposto, en uso das facultades atribuídas LRBRL, Texto Refundido da Lei Facendas Locais, Bases Execución Orzamentarias e lexislación concordante,

Sometido a votación, por unanimidade dos 12 concelleiros presentes dos 13 que compoñen a corporación (7 do PSOE, 4 do PP e 1 do BNG), **se acorda:**

- Tendo en conta o disposto no art. 170.2 da LRFL, en relación co art. 104 da LXCA-, procede decretar a inadmisibilidade da Reclamación contra os Orzamentos do 2016 formulada por INDEZA S.L.

----- ... -----

3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ASIMILAR AS XUNTAS DE VOCEIROS AS COMISIÓNS INFORMATIVAS, AOS EFECTOS DE PAGO POR ASISTENCIA.

Por unanimidade se acorda assimilar as Xuntas de Voceiros as Comisións Informativas, a efectos do pago por asistencia.

----- ... -----

4º.- APROBACION DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS.

TURNOS DE INTERVENCIÓN

CONCELLEIRA DE EMPREGO:

Logo de estar seis meses co anterior programa, estivemos vendo..., como cando se fai unha casa, que unha vez que estás dentro, sabes o que deberías haber feito, pois isto igual, despois de seis meses de estar atendendo aos veciños que o viñeron solicitar, e tras as reunións cos dous grupos, PP e BNG, as decisións, o primeiro cambio está no nome, que pasa a chamarse "Axuda á Creación de Emprego", e despois nas cuantías, en vez de ser os dous mil euros fixos que se daban ata agora, o que imos facer é baremalo, é dicir, hai persoas que polos puntos terán dereito a 300, 600, 1200..., así ata un máximo de 3000 euros que sería a axuda.

Puntos extras, en caso de muller de familia monoparental con cargas familiares, tería 300 euros a maiores.

Hai un erro que, como isto foi traballado sobre as bases do ano anterior, por erro quedou na base nove, segue estando o orzamento presupuestario, a referencia é a do ano pasado, e o importe tamén está sen cambiar, e o nome, o sea, ese parágrafo está todo sen cambiar.

Despois outra modificación é o prazo de pagamento. Imos por, en vez de pagarse todo no momento da concesión, queda establecido o pago do 75 por cento no momento de concesión da axuda, e o 25 restante en 6 meses, coa cláusula de que ten que ter aberto o negocio un mínimo de un ano, e senón quedaría excluído nun prazo de tres anos de tódalas axudas que saian do concello para emprendemento.

E penso que nada máis hai de modificacións do anterior.

As cargas familiares, que falamos que son dez puntos extras por riba dos 3000 e nada máis. Bueno, sí outra cousiña que dende hoxe queda aberto o link na páxina do concello onde as persoas poden consultar o saldo pendente e as axudas concedidas.

SR. ALCALDE

Aclarar que o que se prima nesta nova aplicación das axudas, intentamos primar todos aqueles proxectos que sexan produtivos, tanto que teñan que ver co sector primario, coma co sector medioambiental, ou con sectores innovadores. Entón eses van ter un plus de 40 puntos, que poden chegar a ter 1200 euros máis, de aí a suba da axuda de 2000 a 3300 que é o máximo que se pode conquistar este ano, para poder primar sobre todo os proxectos de tipo productivo.

PARTIDO POPULAR:

Está todo explicado, xa faláramos na xunta. Unicamente se vemos, a medida que se vaia aplicando, que se poden facer melloras, ou cousas que vaian xurdindo, incorporalas e nada máis.

BNG:

Eu estou aquí consultando, porque a última versión non a imprimín, pero creo que se recolleron todas as propostas que faciamos nos.

Dicir que realmente esta era una reivindicación que nos viñamos tendo, non so neste aspecto, senón en moitos outros asuntos, máis neste foi un deles, comentarámolo na aprobación dos orzamentos do ano pasado, que nos non iamos ser obstáculo para aprobar precisamente esta medida máis que, podía requirir de cambios, cambios que a cambiasen para mellor, ou para peor, é verdade. O que pasa é que ben se sabe que as cousas hai que tentalas e levalas a cabo para saber se despois son efectivas ou non. De iso se tratan as decisións políticas.

Entón, houbo compromiso de que nos xuntáramos todas as formacións que compoñemos esta corporación para propor as modificacións pertinentes, e houbo unha sesión de traballo, que quero recordalo porque me parece importante. Despois remitíusenos a todos e despois eu mesmo, como portavoz do BNG, tiven outra sesión de traballo coa concelleira de emprego para matizar algunhas cuestións que nos parecera que non quedaran claras.

Digo que así é como debe funcionar o concello. Porque, como digo eu, tamén se pode gobernar dende a oposición, e tamén se pode facer oposición dende o goberno, e entón creo que se goberna moito mellor así, e se establecen cauces colaborativos, e sobre todo, as cuestións que se aproban pasan polo tamiz de todos e a parte pola óptica de todos, e compártese a opinión e as propostas.

E iso paréceme moi positivo, que debe ser así, e creo que a medida que se aprobou anteriormente tamén na xunta de voceiros, é interesante nese sentido.

Polo resto, dicir que o tema este de primar a parados de longa duración a apertura de primeira actividade laboral, e o tema das cargas familiares, de primar as cargas familiares, creo que van vir moi en positivo para este texto, para estas bases, porque realmente dan máis fe do que é a sociedade actual que as propostas de hai un ano.

SR. ALCALDE:

¿Algunha aclaración máis que se queira facer?.

Se a concelleira non ten ningunha aclaración máis que facer, eu simplemente un apunte sobre o que dicía agora o portavoz do BNG, que creo que é como concibimos este grupo como ten que ser a política. Como nestes puntos, igual que nos orzamentos que aprobamos fai dous meses, no cal agradecín a postura dos dous grupos, vese como se pode gobernar dende unha maioría absoluta sen ser absolutistas.

Isto dígo, e quero que quede claro, porque haberá temas onde intentaremos facer o mesmo esforzo todos, e non chegaremos a acordo, e espero que despois non se nos tache de ditadores, por non chegar a acordo, porque unha cousa é debater, que estamos sempre dispostos a debater, e outra cousa é que tódolos puntos vaian a ser acordados por consenso, que ogallá fose así. Pero cando chegue o momento de puntos importantes que non sexan acordados, que se recoñeza que este equipo de goberno terá que defender as súas ideas, pero non é absolutista.

VOTACION:

Por unanimidade se acorda aprobar a referida modificación e as Bases Reguladoras.

----- ... -----

5º.- APROBACION INICIAL DA ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

TURNOS DE INTERVENCIÓN

SR. ALCALDE:

Unha ordenanza a proposta do BNG, que no anterior pleno presentou unha moción, propoñendo elaborala, onde traía xa unha proposta de ordenanza, e onde se fixo un traballo moi bo por parte da Concellería de Organización Lingüística deste concello, e se intentou consensualo o máximo posible cos portavoces. Máis alá de pequenas diferenzas que poden aparecer no debate, é unha ordenanza que debe gozar do máximo consenso na corporación.

CONCELLEIRA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

Como ben dixo o Alcalde esta é unha ordenanza que recollemos a partires dunha petición do grupo do BNG. Dende a Concellería consideramos que é unha ordenanza bastante completa, que recolle a maioría das propostas que fixo o BNG. Intentamos recoller e consultar outras normativas, outras ordenanzas, para que fora o máis completa posible. Recolle a regulación da atención ó público, do uso oficial do idioma, relación cos administrados, relación coa administración privada, promocións do galego, e inclusive se inclúe ó final, a formación dunha comisión de seguimento que se reunirá como mínimo con carácter anual, e onde estarán representados o concello, a través dunha persoa con responsabilidade en normalización lingüística, e os representantes de Consideramos que é importante esta comisión para que se faga un seguimento de que se cumpre esta normativa. É unha normativa que recoñece a importancia da lingua galega como ben cultural e o seu uso normal no noso concello, e gustaríame, polo importante que consideramos dende esta concellería o poñerse de acordo en este tema tan importante, que se puidera aprobar por unanimidade.

TURNOS DE INTERVENCIÓN

PARTIDO POPULAR:

Vémola ben, simplemente dicir que se se poden aportar cousas novas por parte dos grupos, ou de alguén que entenda máis ca nos destas cousas, que se poida introducir na ordenanza, e nada máis.

BNG:

Facendo memoria, o borrador que nós presentamos hai dous meses pra que durante o período entre sesións plenarias se estudase e viñese unha proposta definitiva dende o concello para poder aprobala neste pleno, facendo memoria, ese mesmo borrador fora presentado por nos aquí en 2010 e non fora aprobado. Votaran en contra os membros do Partido Popular, os que estaban no PP, os que botaran do PP, e os que fixeran a moción de censura, que formalmente non eran do PP. Máis eu apúxeno daquela a unha cuestión de ignorancia, porque non se entendía o que se estaba propoñendo, e non se entendía, porque saíndo deste mesmo pleno, (non era a mesma corporación, claro), e a resposta de quen facía de alcalde en funcións en aquel momento foi que con esta ordenanza nós queríamos impoñer o galego. Se iso foi o que se entendeu, é normal que todo o que se debata aquí, non se entenda. Porque precisamente, do que trata unha ordenanza de normalización lingüística é de normalizar unha situación que non é normal. E que non é normal dende o punto de vista dos dereitos e da promoción do uso, e da actitude dunha administración que debe promover que a súa lingua propia teña a mesma igualdade de oportunidades ca outra, que é cooficial, e é lingua do Estado.

En todo caso, hoxe é un día histórico para este concello, pola aprobación de esta ordenanza, porque, se é certo que un bo número de concellos galegos teñen unha ordenanza de

normalización lingüística, moitos deles cúmprena, outros incúmprena..., nos non a tiñamos, e estamos no ano 2016, e a nosa lingua conformouse entre os séculos VIII e XII, polo tanto xa era hora. Eu congratúlome especialmente.

Despois, en relación ó que foi o debate desta ordenanza, hai que dicir que ó final por unhas cuestións formais chegou ata o último día, porque houbo unha falta de conexión para poder debatela presencialmente. Por iso eu pedín poder reunirme esta mañá coa concelleira, e por iso, entre outras cousas, como ia a ser moi de última hora, tampouco llo transmitín ao Partido Popular, que sería o meu desexo, que viñese verdadeiramente consensuada, no sentido de que coñecésemos todos as modificacións puntuais que leva.

Eu quero recoñecer que a concelleira neste caso, por primeira vez se fixo un traballo de normalización lingüística no concello, porque molestouse en revisar a ordenanza, en contrastar a ordenanza, en propoñer cousas novas, e en debatela que é, ó fin e ó cabo, para o que estamos aquí, e felicítola porque, aínda que non quero que nós levemos simplemente o protagonismo por tela presentado, creo que o mérito debe de ser asumido por toda esta corporación, porque debe ser quen a aprobe.

Parécenos especialmente importante de esta ordenanza recolla sobre todo o artigo 19 e último, que fala de que a dinamización lingüística promove e apoia actuacións que favorezan a normalización do galego no concello de Silleda, mediante difusión de material terminolóxico de apoio no ensino, comercio, mocidade, sanidade, os ámbitos empresariais, socioculturais e deportivos, e en xeral toda a sociedade. Deseño de campañas propagandísticas, de normalización.... As citadas actuacións respectarán, en todo caso, o marco competencial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Porque aquí entramos no que eu quero, que non é só que se coide o galego, que se recoñeza como é a lingua oficial de tódolos concellos galegos, e polo tanto tamén do Concello de Silleda, senón que ademais o concello teña a obriga de promover a lingua, en tódolos ámbitos, porque un concello serve para iso. E a relación máis próxima da administración non é a Secretaría Xeral de Política Lingüística nin é a Deputación, nin é a protección que faga a Carta Europea das linguas minoritarias e rexionais, senón que é parte do coñecemento dos falantes. E nun concello os falantes coñecémonos, somos veciños. Por iso é importante as medidas que se tomen a partir da institución local. Paréceme importante porque esta ordenanza ademais trata de tocar tódolos paus, en canto a protección da lingua, en canto a toponimia, en canto a..., non so en canto a... digamos a espazos que son un pouco máis naturais, como no ensino, aínda que hoxe está moi desprotexida. E sobre todo paréceme importante porque, dalgún xeito, normativiza a cuestión da relación do concello con terceiros, e iso é moi importante, que toda a documentación que se xere neste concello e que haxa terceiros que xeren para este concello, tipo facturación, tipo convenios, contratos, etc., etc., sexa en lingua galega, porque é a lingua propia do concello, tal e como se establece non só na ordenanza, senón que tamén é a lingua que na lei 5/1988 do 20 de xuño establécese que é a lingua das corporacións locais.

Independentemente que haxa que proceder á corrección lingüística da ordenanza, porque perdoadade que aquí poña un empeño especial, porque unha ordenanza de normalización lingüística, evidentemente non poderá levar ningún erro lingüístico, sería algo totalmente incoherente, entón pois aí estaría ben que se corrixisse. Aquí hai xente que o podería facer. Eu non o fixen desta vez porque ando apurado con moitas historias, senón xa sabedes que me presto.

E teño ou temos unha pequena discrepancia de fondo, que nos parece que debemos facer pública e que eu lle fixen coñecer ao Alcalde e á concelleira de normalización lingüística, que hoxe estivemos discutindo, e que non houbo maneira de convencela. Máis eu aínda apelo á capacidade de convicción que poidamos ter agora para amañalo.

A cuestión é no preámbulo, que é preámbulo e que aquí se denomina introdución. Creemos que nun texto normativo, nun texto que non só é dispositivo, senón que establece por tanto unha ordenanza normativa para o Concello de Silleda, é lóxico que teña un preámbulo, e non unha introdución, que aínda que son termos semellantes, non é só un texto explicativo. E o preámbulo é normativo tamén, e polo tanto debería ter o preámbulo. Pero fora do título en sí, ou do titular entre preámbulo e introdución, o preámbulo que nos propoñiamos é un pouco máis extenso porque realmente fai referencia ós antecedentes da lingua e ás causas que provocaron

que a nosa lingua estea en desigualdade a respecto do castelán. E por tanto, que provoca que a administración local, teña que dotarse de elementos coma este, neste caso dunha ordenanza, para poder subsanar estas cuestións de erros históricos.

Dise ao principio de todo “a principal manifestación da identidade cultural dun país é a súa lingua, o galego, lingua propia de Galiza e o máximo expoñente da nosa identidade como comunidade diferenciada. A lingua galega, no decorrer da súa historia, coñeceu períodos de normalidade, sendo lingua de uso común en tódolos ámbitos. A historia móstranos como na segunda metade do século XIII, organismos civís, entre os que estaban concellos, gremios, confrarías, mosteiros, conventos, teñen no galego a súa lingua vehicular, e mesmo se traducen do castelán os códigos civís, chegados dos territorios lingüísticos casteláns. É a partir de finais do século XIV, cando comeza a progresiva substitución do galego polo castelán nos contextos formais anteditos, manténdose por ende o galego coma lingua oral. Houbo que agardar ata o século XVIII para que aparecesen as primeiras voces que reclamaban a restitución do uso do galego en tódolos ámbitos. Estes xermolos florecen durante o século XIX e dan o seus froitos máis vizosos no Estatuto de Autonomía de 1936, primeira normativa legal que recoñece a cooficialidade do galego. A sublevación fascista malogrou a aplicación desta lexislación.”

A parte de que todo o que se di aquí é verídico, isto é importante porque nos retrotrae á o uso civil e oficial que tivo a lingua galega na súa historia, e como lle dicía á concelleira, a Aida, eu creo que é importante este preámbulo por unha cousa fundamental. Esta ordenanza, esta lei para Silleda é de normalización lingüística, polo tanto eu creo que ten corazón, non é coma moitas outras leis que non teñen corazón. E a parte o problema que temos, do que se queixa moita xente que accede á web ou que ven aquí preguntar, ou que me pide a min ou a calquera concelleiro textos legais, textos normativos do concello, e que din que non entenden ben o que se di, porque é unha restia de artigos que moitas veces non se comprenden, redactados nunha lingua moi terminolóxica, nunha lingua con tecnicismos....

Por iso é importante, incluso para a xente que discorde coa posibilidade de facer unha ordenanza de normalización lingüística, é importante que se explique, por iso é importante que unha normativa se explique, e por iso vai no preámbulo e non vai na disposición dos artigos. É fundamental.

A parte do que a concelleira fixo na redacción, que é a extracción ou a sintetización do texto legal, as leis que protexen e que promoven a lingua, dalgún xeito isto é o que lle da información ó cidadán. Non só información histórica, senón información das causas que levan a esta determinación, á aprobación de esta ordenanza. Por iso me parece importante.

E logo hai un parágrafo final, (no do medio estamos de acordo, porque o que se fai aquí é sintetizar realmente as normativas), que di “en Galiza, onde a inmensa maioría da poboación fala ou entende a súa lingua, as corporacións locais poden e deben desenvolver accións encamiñadas a recuperaren o uso do noso idioma pra os usos administrativos. O papel que xogan os concellos resulta de grande relevancia en calquera proxecto oficial que busque unha grande efectividade social, por seren institucións de enorme espallamento, as máis próximas ás cidadás e ós cidadáns. A lingua galega precisa o recoñecemento oficial previsto nas leis para que os complexos lingüísticos presentes na nosa sociedade desaparezan. É preciso pois, que os rexedores municipais en primeiro lugar, corrixan os hábitos lingüísticos existentes, de predominio totalmente desequilibrado, da lingua castelá.”

Certo é, e comentábamo a concelleira, que ó mellor aquí non se especifica “Silleda”, e é verdade. Eu considero que non se especifica ó mellor porque nos nese momento cando presentamos a proposta non o introducimos. E podería levar un pequeno parágrafo, unha liña simplemente, que definise cal é a situación actual de Silleda, máis en todo caso non deixaría de ser a situación actual última medida de 2011, é dicir, é algo transitorio, e vale perfectamente.

E en todo caso, a lingua é galega e trascende o territorio, e trascende á xente e ós silledenses. Isto é o que nos define como pobo galego entre outras cousas, pero sobre todo isto.

Por iso me parecería importante que este preámbulo se admitise porque, aínda que é algo máis extenso co que se propón, ó final, isto son tres follas, non é tanta cousa, e explícase o por qué, e os porqués son moi importantes. A min xa sabedes que me gustan moito os porqués,

pero os porqués non son só importantes para min, son para todo o mundo. Saber de onde veñen as cousas e todo iso.

Perdoade que me estendese.

CONCELLEIRA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Isto foi un intenso debate. No de introdución ou preámbulo, pois sí, pódese cambiar, pódese poñer preámbulo, pode ser un erro meu de novata, pido desculpas.

Pero na introdución xa se recoñece que a principal manifestación da identidade cultural dun pobo é a súa lingua, é que a lingua galega é a principal manifestación de identidade cultural de Galicia, e tamén se recoñece o artigo que encabeza o último parágrafo que é “en Galicia, as corporacións locais poden desenvolver accións encamiñadas o uso do noso idioma para usos administrativos.

Se a queixa do BNG é que a maioría das persoas que acceden á normativa, non a comprenden, pois ó mellor facer un resumo explicando o porqué, e en qué se basea e en qué se apoia, sen meternos en clases de historia da nosa Comunidade Autónoma, pode ser máis entendible que un preámbulo tan extenso coma este.

De todas formas, non digo que non teña razón o preámbulo, e xa llo dixen a el, pero considéroo demasiado excesivo, demasiado extenso para unha ordenanza municipal, e por iso dende a Concellería non aceptamos a proposta do BNG. Queríamos facer un resumo máis ben normativo, recoñecendo que si, que a lingua galega é o noso principal patrimonio e que estamos de acordo na súa defensa e promoción.

Sinto que non se poida chegar a un acordo completo con tódolos grupos, pero dende a Concellería cremos que xa bastante acordo se fixo, que se tivo moi en conta a proposta do BNG, e esperamos que por esta pequena diferenza no preámbulo poidamos chegar a acordo.

SR. ALCALDE

Eu pola miña parte, dito xa pola concelleira, que non ten problema en que se chame introdución ou preámbulo. Pola miña parte, felicitar á concelleira polo traballo feito, de verdade que é unha ordenanza que, aínda que parece fácil, unha vez que se ve redactada nun documento, moitas delas levan tempo facelas, moitas delas botamos tempo traballando nelas e ela tróuxoa ó primeiro pleno que tivo ocasión. E coa exposición que está facendo incluso bueno, da razóns evidentes para que queda fora unha parte da historia que ninguén nega que é historia real e verídica, pero que tamén non se negará que é unha historia que sempre levanta certas polémicas e certas suspicacias.

E xa que estamos nun ambiente de aprobar esta ordenanza por ampla maioría e por amplo consenso, pois tamén por qué non aprobar unha ordenanza que recolle todo o espírito que ten que ser a ordenanza de normalización lingüística en sí, e que sabemos que non vai a xerar ningún tipo de polémica nin agora nin a posteriori. En todo caso a historia está aí para quen a queira coñecer e quen a queira estudar. Tampouco é imprescindible que vaia redactada nas ordenanzas, aínda que neste caso non é unha ordenanza calquera, tamén estamos de acordo, pero bueno, estamos o equipo de goberno totalmente de acordo coa redacción que fixo a concelleira e creo que é a ordenanza que máis pode sintetizar o espírito que se pretende sen levantar ningún tipo de polémica, nin ningún tipo de suspicacia, nin ningún tipo de ampola.

Se alguén quere facer algunha aclaración máis...

VOCEIRO BNG

Simplemente dicir, iso sábeo ben ela, se esta ordenanza o 95% está proposto por nos, por doce liñas non imos discrepar, e doce liñas que non pertencen a ningún artigo, e dicir, iso non o voto, iso está claro, pero neste caso, a historia social da lingua, que é o que se propón aquí como preámbulo, é importante que aparecese. E eu témome que no fondo non aparece por unha cuestión, non de extensión, senón que é por unha cuestión ideolóxica, cando aquí o que se está aprobando agora mesmo é unha ordenanza aséptica dende ese punto de vista, como lles dicía á concelleira e ó alcalde, galeguista, porque está vista dende o punto de vista da lingua, e entón é galega, polo tanto galeguista, porque defende o galego, máis é aséptica dende o punto de vista ideolóxico. Polo tanto esa introdución paréceme importante porque non

é unha clase de historia, é realmente, como dixen antes, o antecedente de todo isto, e por iso era interesante que aparecese. Pero por iso non vou discutir máis. Sí que quede constancia. Como me dixo ela: “tes razón”, pois nada, quédome coa razón coma os parvos, que se lles da a razón pero despois non se lles fai caso. Vale, moi ben. Polo menos que se aprobe a ordenanza, e que se cumpra, que é o máis importante.

SR. ALCALDE

¿Algunha aclaración por parte da concelleira?

CONCELLEIRA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

So dicirle ós grupos que, como dixo o Partido Popular, estamos abertos dende a Concellería a modificar posteriormente a ordenanza se se chega a acordo, se hai algunha suxestión máis poderase modificar nos próximos anos ou nas normativas que vaian aparecendo.

PORTAVOZ BNG

Só unha cousiña referente a iso, se podó falar. Todo é modificable, pero tamén houbo unhas sesións, ou polo menos un tempo para poder traballar a ordenanza. Traballar a posteriori, non sei para qué estamos aquí entón. Cando se propón, cando se fan cambios, alteracións, discusións, debates, é para que quede a mellor ordenanza posible. Despois claro que é modificable, pero pedir se se pode modificar despois, todo é modificable, non é coma a monarquía que a temos imposta.

SR. ALCALDE

Está claro que hoxe, a día de hoxe, cremos que é a mellor ordenanza. Ó mellor no futuro, á hora de aplicala, á hora de todo, se encontra que pode haber algún punto que se pode modificar, entendo que é o que di a concelleira. Hoxe é a mellor ordenanza que podemos presentar.

VOTACION:

Por unanimidade se acorda a **APROBACION INICIAL DA ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**, e a súa exposición ao público por 30 días, a efectos da posterior aprobación definitiva.

----- ... -----

B.-P arte de control dos órganos de goberno.

6º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.

6.1.-Moción do BNG. Sobre a apertura dunha sala de exposicións etnográfica e de temática agraria na antiga Sindical.

*Matías Rodríguez da Torre, concelleiro acreditado do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Silleda, presenta para o debate en sesión plenaria ordinaria a seguinte **moción para a apertura dunha sala de exposicións etnográfica e de temática agraria na antiga Sindical***

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Por todos nós é sabido que o Concello de Silleda, o Trasdeza, é un lugar de extensa historia rural propia dunha sociedade agraria, que aínda pervive na actualidade grazas ás numerosas explotacións gandeiras de vacún, porcino, avícolas, así como tamén as zonas dedicadas á agricultura, horta, viña ou masas forestais.

Nos últimos anos produciuse un desenvolvemento agrario desde o punto de vista tecnolóxico, o que provocou o relevo da maquinaria artesanal e manual de antano por aparellos contemporáneos, ou mesmo o desprazamento das antigas casas de labranza, cortes, palleiras ou hórreos, por outros usos adecuados ás necesidades actuais.

Desde o Bloque Nacionalista Galego sempre tivemos especial interese en conservar as nosas tradicións e divulgalas no momento presente, coa idea de proxectalas cara ao futuro para gardarmos memoria do noso, do que nos identifica como pobo. E por esta razón queremos propor que o Concello realice unha pesquisa e recompilación daqueles aparellos, materiais ou elementos etnográficos máis sobranceiros e representativos no relativo ao Trasdeza entendido como sociedade rural e agraria, co obxectivo de axuntalos e abrir unha sala de exposicións permanente na antiga Sindical, aproveitando amais que se vai volver converter nun novo centro de desenvolvemento agrario, polo que complementaríase perfectamente o seu uso e faría honra á memoria e finalidade da súa fundación. Amais, cremas que isto non se debe alongar máis no tempo porque moitas das pezas ou das posibilidades de recollida material e inmaterial están a piques, se non o fixeron xa, de desaparecer, estragarse ou morrer no esquecemento.

Aínda estamos a tempo de recuperar a nosa historia e trasladala como un legado ás xeracións vindeiras, e coa apertura desta sala poderíamos acadar varios obxectivos, que sintetizamos a seguir en ideas básicas:

- 1.- Sería importante para o coñecemento e recoñecemento de nós mesmos, da nasa cultura e caracterización social do Trasdeza.*
- 2.- Converteríase nun foco de atracción de visitantes para unha vila como Silleda, que non posúe puntos de interese a nivel turístico, co que suplementaría perfectamente os atractivos da nosa rica contorna ambiental e patrimonial e axudaría a unha permanencia maior dos turistas no noso concello, redundando polo tanto nun claro beneficio para o comercio local.*
- 3.- Serviría como un lugar de grande valor didáctico para os centros de ensino do noso concello, e mesmo de espazo de relacionamento interxeracional entre vell@s e nov@s para relatar e verificar o noso propio xeito de vida.*

Por estes motivos, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego presenta a consideración do Pleno a seguinte proposta:

ACORDO:

- 1.- Proceder á apertura dun proceso de pesquisa, recollida e recompilación dos materiais precisos para dotar dunha sala dedicada a exposición permanente de carácter etnográfico e da memoria agraria e rural do Trasdeza na antiga sindical, aproveitando os novos usos agrarios que se lle queren dar.*

*Silleda, 15 de xaneiro de 2016.
Asdo. Matías Rodríguez da Torre*

Intervencións:

Voceiro BNG: discrepa do uso actual do edificio e desexamos e que o Concello realice unha pesquisa e recompilación de aparellos e ferramentas representativos dunha sociedade rural e agraria, recollelos e abrir unha sala de exposición na Sindical, aproveitando que se vai converter en centro de desenvolvemento agrario, polo que encaixaría co seu uso.

Voceiro do PP: completamente de acordo coa iniciativa.

O Sr. Alcalde considera que, aínda estando plenamente de acordo coa proposta, hai que estudalo con calma, xa que hai outras alternativas, un Museo do Agro, o uso ou destino do actual local de Escudador, no que xa existen moitas ferramentas recuperadas e, en definitiva, do que se trata é de buscar o local axeitado para ese Museo con tempo.

Voceiro BNG: ben, do que se trata é de levar adiante a iniciativa. A ubicación onde sexa. A mellor posible.

Votación e acordo:

Por unanimidade queda aprobada a presente moción

----- ... -----

6.2.- Moción do PSG.PSOE. Proposta de rebaixa da peaxe da AP-53 entre Santiago e Lalín.

MOCIÓN DA ALCALDÍA PARA RECLAMAR A REBAIXA DA PEAXE DA AP-53 ENTRE SANTIAGO E LALÍN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autoestrada AP-53 é, dende a súa posta en servizo, un dos principais eixos de comunicación viaria entre Santiago e Lalín e, por extensión, do centro de Galicia. Malia todo, a súa potencialidade como elemento de vertebración territorial e dinamización social e económica está claramente limitado por unha das peaxes máis caras de todo o Estado español, que ademais experimentou un incremento constante nos últimos anos.

A elevada cantidade que teñen que pagar os usuarios da AP-53 -case seis euros por un traxecto de pouco máis de 40 quilómetros- explica unha densidade de vehículos moito máis baixa que a media nacional. En concreto, segundo os datos do pasado mes de outubro, foron 6.050 coches os que transitaron a diario por esta vía de comunicación, unha cifra que segue a estar a moita distancia da media nacional e que impide que a AP-53 sexa un referente para a reactivación económica dos concellos polos que pasa. Noutro eido, o prezo prohibitivo da peaxe afecta de forma moi directa á mobilidade e a tres municipios -o de Lalín, o de Silleda e o de Compostela- que están chamados a colaborar de maneira moi estreita debido á súa proximidade xeográfica e que, entre outras cousas, comparten área sanitaria. Xa que logo, o benestar das veciñas e veciños destes concellos tamén depende dunha infraestrutura que moitos se ven obrigados a utilizar para, por exemplo, acudir a unha simple consulta médica.

Por todo o exposto -e vista a pasividade evidente da Xunta de Galicia e do Ministerio de Fomento- os Gobernos municipais de Lalín, Silleda e Compostela deciden liderar de maneira conxunta esta reivindicación da rebaixa da peaxe da AP-53 e presentar, en cadanseu Concello, esta moción na que se propón a adopción dos seguintes acordos:

ACORDOS

1.- Esixirlle ao Goberno da Xunta de Galicia que, dentro do seu ámbito competencial, asuma de maneira clara e firme o compromiso de realizar todas as xestións necesarias para propiciar con carácter urxente a rebaixa da inasumible peaxe da AP-53.

2.- Esixirlle ao Ministerio de Fomento a que, dentro do seu ámbito competencial, asuma de maneira clara e firme o compromiso de realizar todas as xestións necesarias para propiciar con carácter urxente a rebaixa da inasumible peaxe da AP-53.

3.- Remitir este acordo ao resto de Cancelllos polos que discorre a AP-53, así como a institucións, partidos políticos e axentes sociais de ámbito galego e estatal para que se sumen a esta reivindicación e, dentro dos seus ámbitos competenciais e das súas funcións propias, se impliquen de maneira activa na procura de solucións.

En Silleda, a 11 de xaneiro de 2016. O Alcalde. Manuel Cuiña Fernández

Intervencións:

Votación e acordo:

Por unanimidade queda aprobada a presente moción.

----- ... -----

6.3 .- Moción do PSOE sobre apoio á vivenda como ben social.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O APOIO Á VIVENDA COMO BEN SOCIAL

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno municipal a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A liberalización do solo e a política do "todo urbanizable" postas en marcha polo Goberno do PP en 1998, xunto coa liberalización das hipotecas (eliminando límites de tempo e de porcentaxes de renda dedicados á amortización), ademais do cambio de tipos fixos a variables, que fixo fácil o acceso ao crédito, supuxeron o arranque da burbulla inmobiliaria. En 1997, ano de inicio do auxe, o crédito inmobiliario (promotor, construtor e comprador) supuña o 28,4% do PIB de España. En 2007, ano do picado da burbulla, dita proporción ascendera até o 102,9% do PIB. A política monetaria era xa competencia do Banco Central Europeo, que non adoptou ningunha medida para frear tal aluvián de financiamento, que os bancos obtiñan sobre todo nos mercados maioristas de diñeiro.

O efecto inmediato foi a sobrevaloración dos inmobles e do chan. Un efecto social negativo foi que os prezos das vivendas creceron moi por enriba dos salarios. Todo isto contribuíu ao cambio de consideración da vivenda que deixa de ser un ben social para converterse en obxecto de especulación.

A 31 de decembro de 2014, había en España 535.734 vivendas de nova construción non vendidas, cuxo ritmo de redución é moi moderado e das que un 30% son de moi difícil

venda pola súa localización. O panorama actual nas nosas cidades é que conviven dúas realidades antagónicas: por unha banda, miles de vivendas baleiras propiedade de entidades financeiras, e por outra, miles de familias sen capacidade de acceso á vivenda, que demandan á Administración que lles garanta os seus dereitos constitucionais a unha vivenda digna.

Tras unha Lexislatura na que a perda da vivenda e o drama social dos desafuzamentos monopolizaron o debate público, segue sendo moi complicado o acceso á vivenda, tanto en propiedade como en aluguer, tal como demostran os datos proporcionados polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

O estalido da burbulla inmobiliaria no 2008 non afectou a todos por igual. Desde entón existen miles de familias que se enfrontan a un sobreendebedamento sobrevido e non doloso que, con demasiada frecuencia, conclúe con desaloxos e desafuzamentos e o arrastre de débedas que lles impiden refacer a súa vida.

A garantía dunha vivenda digna para todos os cidadáns pasa por un verdadeiro pacto social no que a loita contra os desafuzamentos e a protección da vivenda debe previr a exclusión social.

As medidas adoptadas durante os últimos anos para evitar os desafuzamentos foron insuficientes como o demostran o escuálido Código de Boas Prácticas (CBP), o ata agora escaso uso do Fondo social de Vivendas, creado no D.A. la da Lei 1/2013 ou unha Lei de Protección de Debedores Hipotecarios que non afronta eficazmente os problemas reais da xente. As medidas que non resolven a dramática situación na que se atopan moitas familias ás que a situación de precariedade económica engádeselle o risco de perda da súa vivenda e a dificultade de atender aos pagos de facturas pola subministración de bens básicos como a auga ou a electricidade.

Esta situación require dunha resposta coordinada de todas as administracións con responsabilidades concretas nas políticas que afectan a estes casos de vulnerabilidade.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista presenta esta MOCION para ser discutida e aprobada polo Pleno Municipal:

1- A corporación municipal acorda dirixirse ao Goberno de España para poñer en marcha, no seu caso en colaboración coas CC.AA, as seguintes medidas tendentes a facer efectivo o dereito á vivenda:

MEDIDAS PARA FAVORECERO ACCESO Á VIVENDA:

- 1- Redefinir o dereito á vivenda na Constitución.*
- 2- Establecer a eliminación automática por parte das entidades financeiras, sen previa esixencia do titular dunha hipoteca, das cláusulas declaradas abusivas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea e pola xurisprudencia do Tribunal Supremo español.*
- 3- Garantir a permanencia nas súas casas dos quen máis están a sufrir a crise económica, e poñer fin ós desafuzamentos.*
- 4- Reformar a lei de segunda oportunidade para permitir ao xuíz paralizar a execución hipotecaria en caso de insolvencia xustificada non dolosa e, no caso de que sexa imposible, acordar a aplicación da dación en pago, valorando a vivenda no prezo establecido para a concesión do préstamo; e para excluír a vivenda habitual do valista da execución dos avais que se puideran producir nestes casos.*
- 5- Recoñecer o dereito das persoas que perdesen a súa vivenda, como consecuencia dunha situación de insolvencia sobrevida nun procedemento de desafuzamento, a que se lles facilite unha vivenda en réxime de aluguer a un prezo acorde coas súas*

circunstancias económicas e familiares e, no seu caso, con un plan de rescate persoal sobre a débeda pendente que manteñan, que non deberá superar o 30% dos seus ingresos.

MEDIDAS PARA FAVORECERAS SUBMINISTRACIÓNS BÁSICAS:

- 1- Promover o compromiso das empresas subministradoras dos servizos públicos de auga, luz e gas para impedir os cortes da subministración a persoas e familias en situación de vulnerabilidade por falta de pagamento. Antes do corte da subministración, este comunicárase á Administración competente que, en todo caso, poderá mediar entre as partes.*
- 2- Crear un fondo social de xestión pública que permita atender o dereito a teito da cidadanía que se vexa privada del.*

MEDIDAS PARA PROMOVERA CREACIÓN DE VIVENDAS SOCIAIS:

- 1- Desenvolver un novo modelo de vivenda protexida baixo o estrito control público na selección do destinatario de menores rendas e no seguimento da súa ocupación, establecendo un esforzo razoable para toda a cidadanía, fixando o limiar de esforzo económico de acceso no máximo dun terzo da renda familiar dispoñible, e establecendo a súa cualificación de protexida con carácter permanente.*
- 2- Crear parques municipais de xestión pública de vivendas de aluguer social, aos que se poderán incorporar as procedentes do stock de vivenda nova sen vender ou desocupada, as incluídas en inmobles desocupados e rehabilitados, as que, como consecuencia de procesos de execución hipotecaria con posterior desafuzamento, pasasen a ser de titularidade das entidades de crédito que estean participadas polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria e non fosen posteriormente alleadas e as adquiridas pola Sociedade de Xestión de Activos procedentes da Reestruturación Bancaria (Sareb).*

MEDIDAS PARA PROMOVERAS VIVEN DAS DE ALUGUER:

- 1- Ampliar o prazo de duración do aluguer, como mínimo ata 5 anos, a petición do arrendatario.*
- 2- Aprobar a dedución polo arrendador do 50% das rendas derivadas do aluguer de vivenda a mozos menores de 30 anos e a desgravación para estes do importe do mesmo.*
- 3- Establecer garantías para o cobro dos arrendamentos e medidas de protección dos mesmos nos casos de insolvencia sobrevida.*

2.- Desde o compromiso político e social, a corporación municipal ACORDA poñer en marcha as seguintes MEDIDAS:

MEDIDAS ANTIDESAHUCIO PARA DAR APOIO XURÍDICO E SOCIAL ÁS FAMILIAS SOBRE TEMAS HIPOTECARIOS:

- 1- Promover actuacións de apoio xurídico e social ás familias que o precisen e que inclúan:*
 - Información e asesoramento relativo aos préstamos hipotecarios.*
 - Escritos aos Xulgados para suspender os procedementos de execución hipotecaria ou pospoñer a data de lanzamento.*
 - Accións de mediación cos servizos centrais das Entidades Financeiras.*
 - Acompañamento e seguimento ante Entidades Financeiras e Xulgados.*
 - Solicitude de asistencia xurídica gratuíta e seguimento da mesma.*

2- *Asumir o compromiso de que a Policía Local non interveña nos desafiuzamentos.*

3- *Crear un Observatorio Municipal da Vivenda, que estaría composto por representantes das institucións e da sociedade civil.*

Decembro 2015. O/A Protavoz Municipal Socialista

Intervencións:

Sr. Alcalde: pon énfase en que se nega a que a Policía Local interveña para botar a xente a rúa.

Voceiro PP: manifesta a súa discrepancia en varios puntos da moción e, sobre todo, lembra que a Policía ten que seguir nos casos de dasafiuzamentos as ordes do Xulgado en canto é un Corpo de Seguridade obrigado a realizar funcións de policía xudicial.

Voceiro BNG: sinala a súa coincidencia co texto, aínda que o importante son as medidas concretas que pode adoptar o Concello e mais en concreto o Alcalde nesta cuestión e que hai que axudar a xente afectada, por suposto.

Concelleira Servizos Sociais: apunta que os supostos de emerxencia social se revisa caso por caso, e que se paga a luz, auga, rendas de aluguer, alimentación, reubicación de vivenda en casos extremos e tamén obras en infravivendas. O caso extremo é o desaloxo, que se atende no día a día segundo a problemática de cada caso.

Sr. Alcalde: insiste en que mentres sexa Alcalde non ondeará a Policía Local interveña para botar a xente a rúa, e que de acordo coa lei, o Xefe da Policía é o Alcalde..

Votación e acordo:

Por 8 votos a favor e 4 abstencións queda aprobada a presente moción.

----- ... -----

6.4 .- Moción do BNG para a realización de beirarrúas da Bandeira a Chapa.

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA AO PLENO A SEGUINTE MOCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE BEIRRARRÚAS DA BANDEIRA A CHAPA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Por tod@s é sabido que cada vez hai máis viandantes e transeúntes á beira das estradas e, sobre todo, aquelas máis próximas aos núcleos urbanos motivad@s por unha concienciación social para utilizar menos os vehículos, por prescrición médica, cuestións deportivas ou lúdicas. Un caso destes é a estrada estatal N-525 ao seu paso pola parroquia de Chapa e a súa confluencia coa vila da Bandeira, pois existe un tramo duns trescentos metros, ao atravesar o lugar da Calzada, onde abundan as vivendas, está situada a importante industria do matadoiro (cun importante número de traballadores habituais que se desprazan até alí) e é paso habitual de peóns e peregrinos.

Este tramo está totalmente desprotexido para as persoas que se moven a pé, cunha evidente falta de seguridade nas marxes da estrada, cuestión que ten un amaño doado, sempre mellor pondo beirarrúas que sendas peonís, ao igual que se fixo noutros lugares de similares características coma O Foxo en Silleda, por exemplo.

Por estas razóns o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello de Silleda esta moción propoñendo a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Que desde o Concello de Silleda se inste ao Ministerio de Fomento do goberno do Estado á realización de beirarrúas entre a vila da Bandeira e Chapa na N-525, no tramo que atravesa o lugar da Calzada, co fin favorecer a seguridade d@s numerosos viandantes neste punto.

Silleda, 20 de xaneiro de 2016. Asdo. Matías Rodríguez da Torre

Intervencións:

Voceiro do PP: completamente de acordo.

O Sr. Alcalde fai constar que xa van mais de 7 anos con este tema, e que sempre o reivindicamos cos Orzamentos Xerais do Estado, lembrando que no seu día se presentou un ambicioso Anteproxecto.

Votación e acordo:

Por unanimidade queda aprobada a presente moción.

----- ... -----

6.4 .- Moción do BNG para a colocación de paneis para puntos de información no termo municipal.

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA AO PLENO A SEGUINTE MOCIÓN PARA A COLOCACIÓN DE PANEIS PARA PUNTOS DE INFORMACIÓN EN TODO O TERMO MUNICIPAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A pesar de que nos últimos anos se instalaron desde o Concello diversos paneis para a colocación de información pública de eventos, fanse totalmente deficitarios tanto nas parroquias como nos núcleos urbanos.

Nas parroquias rurais de Silleda apenas existe un panel situado nun lugar céntrico, mais que non dá servizo a toda a parroquia ao non ser colocado en lugares de paso habitual ou frecuente, polo que moitas veces os avisos fican desfasados.

Nas vilas urbanas de Silleda e A Bandeira hía un déficit de puntos informativos colocados en lugares pouco transitados ou, en todo o caso, insuficientes para cubrir todo o núcleo, cando son números os eventos públicos que, se anuncian.

Decote estes carteis ou voandeiras que se poñen nos paneis son de grande interese público, pois non só teñen un fin propagandístico, xa que estamos a falar de esquelas mortuorias, anuncios de actos públicos, charlas, cursos, conferencias, mensaxes de interese público, etc. Polo que se fai moi necesario a provisión destes elementos, tamén ea fin de que se ordene a colocación de cartelaría e publicidade e, así como proceder a combater os feísmo que supón ter papeis ciscados nas rúas ou nas aldeas sen ningunha orde nin coidado ambiental.

Por estas razóns o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello de Silleda esta moción proponendo a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Que o Concello de Silleda coloque paneis informativos en todos os lugares das parroquias do termo municipal, e en espazos abertos e axeitados nas prazas e rúas máis transitadas das vilas e Silleda e A Bandeira, para contar cuns espazos fixos de referencia a onde poder acudir para informarse dos eventos e actos públicos que se anuncian habitualmente por parte das institucións ou colectivos organizados.

*Silleda, 21 de xaneiro de 2016.
Asdo. Matías Rodríguez da Torre*

Intervencións:

O Sr. Alcalde fai constar que contamos con 260 lugares, polo que hai que facer un estudo previo para decidir a ubicación final. Por suposto, plenamente de acordo.

Votación e acordo:

Por unanimidade queda aprobada a presente moción.

----- ... -----

7º.- MOCIÓN DE URXENCIA.

Non hai.

----- ... -----

8º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DOS MESES ANTERIORES.

Douse conta mediante a entrega de copias.

----- ... -----

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo PP:

- Roga que se bachee o aparcamento da Praza M^a Colemerio.
- Roga que, a vista de Decretos contratando traballos con empresas de fora, que se procure facelo coas de Silleda.

Polo BNG:

- Protesta polo uso do vertedoiro de Campomarzo, entendendo que se seguen a verter residuos, polo que interesa se controlen de xeito exhaustivo. Lembra tamén que a empresa non executou a balsa.
- Pide que se convoque a Mesa da Auga para debater asuntos referentes a esa problemática, interesando do Alcalde a súa convocatoria.
- Denuncia unha situación de insuficiencia de iluminación pública en Bandeira, no acceso o Colexio e o Taller que se ubica na zona. O mesmo pasa no entorno do Bar "Mari Pepa"
- Reitera o desnivel que hai na parada de taxis, que supón un perigo para os petóns, sinxelamente habería que facer un rebaixe da beirarrúa. Tamén que na Praza da Igrexa no zona das Pérgolas o solo é moi resbaladizo, o que supón outro perigo.

RESPOSTAS ALCALDE:

- Si, se rebacheará tan pronto mellore o tempo.
- Temos como norma e celo de gastar e comprar en Silleda.
- Sobre Campomarzo teño entendido que deben estar completamente paralizados os verquidos. Se os houbese serían ilegais. Se investigará.
- Convocaremos a Mesa da Auga.
- Estase estudando economizar a iluminación en Agro do Valo. Comprobo que as 11 da noite hai 4 farolas encendidas na zona. Non vexo tanto problema. Na zona do taller hai que repoñer o cable roubado. Para a recta de Mera temos xa uns Presupostos para renovar a instalación. Tamén apunto que estes días de chuvias houbo 60 avarías. Tampouco vexo problema ca R/estación. En canto ao Bar M^a Pepa o problema é o toldo baixo que bloquea parte da luz da farola.
- O desnivel da parada de taxis, xa é a enésima vez que nos trae isto. Non lle dou esa importancia. Non acabo de velo como un problema. En canto ao solo da Praza entendo que é debido a chuvia e as follas.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión as doce e dez horas, estendéndose a presente acta, do que, dou fe e certifico, na miña condición de feudatario público. Se transcribe a continuación, como Anexo, as Bases dio punto 4º e a Ordenanza de Normalización do punto 5º.

Silleda, a 28 de Xaneiro de 2016

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga

ANEXO

4º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS.

PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO CONCELLO DE SILLEDA BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2016

BASE 1ª.—OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 1.1. Finalidade
- 1.2. Beneficiarios/as
- 1.3. Requisitos xerais dos/as beneficiarios/as
- 1.4. Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables
- 1.5. Réxime de concesión das axudas

BASE 2ª.—COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

- 2.1. Instrución e tramitación das axudas
- 2.2. Comisión de Valoración e Seguimento

BASE 3ª.—SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- 3.1. Solicitudes
- 3.2. Obrigas
- 3.3. Prazo de presentación .

BASE 4ª.—CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

BASE 5ª.—PUBLICIDADE

- 5.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.
- 5.2. Publicidade das subvencións concedidas.
- 5.3. Publicidade do financiamento público.

BASE 6ª.—TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

BASE 7ª.—PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

BASE 8ª.—NORMATIVA DE APLICACIÓN

BASE 9ª.—DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

BASE 10ª.—DISPOSICIÓN FINAL ANEXOS

ANEXO I. Solicitud.

ANEXO II. Declaración xurada do cumprimento dos requisitos.

ANEXO III. Ficha de solicitud de transferencia bancaria.

ANEXO IV. Declaración xurada doutras axudas.

ANEXO V. Memoria xustificativa do proxecto empresarial.

ANEXO VI. Relación de facturas presentadas.

ANEXO VII. Declaración xurada de que as facturas subvencionadas, relacionadas e presentadas son orixinais.

ANEXO VIII. Declaración xurada do/a perceptor/a

Base 1ª.—OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN 1.1.

—FINALIDADE A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión, para o ano 2016 do programa de Axudas Municipais para a Creación de Emprego no ámbito do Concello de Silleda coa finalidade de potenciar e colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos.

1.2.—BENEFICIARIOS/AS Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais, autónomos e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que

iniciasen a súa actividade empresarial entre o 1 Xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2016 (entendendo por inicio de actividade a alta no I.A.E.)

Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 800/2008 da Comisión de 6 de agosto de 2008.

1.3.—REQUISITOS XERAIS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS:

1. —Que a persoa física ou xurídica teña o seu **endereço fiscal e social en Silleda** .

2.—Que sexan empresas de **nova creación**, considerando incluídos, neste concepto, os traspasos de negocios, pero non as transformacións de forma xurídica.

3.—Que, como mínimo, unha das persoas promotoras estea en situación de **desemprego** na data de inicio da actividade empresarial e crear, polo menos, o seu propio posto de traballo en calquera das formas xurídicas existentes.

4.—Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin a empresa nin as persoas socias.

5.—Non ter débedas co Concello de Silleda, nin a empresa, nin as persoas socias.

6.—Non poderán obter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (no caso de sociedades, nin a sociedade nin os/as socios/as).

1.4.—TIPO, CONTÍA DAS AXUDAS E GASTOS SUBVENCIONABLES

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade.

O importe máximo destas axudas será como máximo de 3.000 € por empresa/persoa beneficiaria, en base o baremo de puntuación a continuación detallado, e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados durante o período indicado.

Os gastos que poderán ser subvencionables corresponderán aos realizados dende o 1 de Xaneiro de 2016. (**Agas os gastos de constitución que poderán ser con fecha dende 31/10/2015**)

VALOR /PUNTO : 30 EUROS

PARADO LARGA DURACIÓN	10	300
ALTA AUTONOMO	20	600
CONTRATACIÓN PERSOAL	30	900
APERTURA DE LOCAL	10	300
PLUS POR SECTOR PRIMARIO, I+D+I MEDIOAMBIENTE	20	600
RISGA	10	300
		3000

Gastos subvencionables:

- a) Gastos de constitución e apertura Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:
 - a1) Visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos
 - a2) Licenza de obra e licenza de apertura
 - a3) Alta no Rexistro Mercantil
 - a4) Certificación negativa do nome da sociedade
 - a5) Honorarios de notaría por escrituras públicas
 - a6) Publicación no BORME
 - a7) Modelo 600 da Xunta de constitución da empresa.
- b) Existencias iniciais de mercadorías. Serán subvencionables o 50% da adquisición de primeiras compras de mercadorías, de materias primas e doutros consumibles utilizados no proceso de produción.
- c) Gastos de aluguer de local, do vehículo industrial, de aplicacións informáticas e de equipos informáticos.

Serán subvencionables o 50% dos gastos de aluguer sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa.

- d) Primas de seguros Serán subvencionables o 50% dos gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial. (seguro do local, de responsabilidade civil e, como máximo, dun vehículo, só no caso de que sexa imprescindible para o desenvolvemento da súa actividade).

- e) Subministracións e gastos correntes.

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

- e1) Auga
- e2) Teléfono
- e3) Electricidade
- e4) Gasóleo / gasolina
- e5) Material de oficina
- e6) Asesoría
- e7) Gas
- e8) Equipos de seguridade nas súas instalacións (só a cota mensual)

- f) Dereitos de propiedade industrial Serán subvencionables o 50% dos seguintes dereitos:

- f1) Patentes
- f2) Modelos de utilidade
- f3) Deseño industrial
- f4) Marcas de produtos ou servizos
- f5) Nomes comerciais
- f6) Dominio en Internet.

Queda excluído destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados, e en ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

1.5.—RÉXIME DE CONCESIÓN DAS AXUDAS.

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu artigo 19.2º establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos. O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.

Base 2ª.—COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

2.1.—INSTRUCCIÓN E TRAMITACIÓN DAS AXUDAS

A Concellería de Emprego , a través da Concelleira, será a encargada da tramitación das solicitudes e emitirá unha proposta de concesión ou de denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será publicado no Taboleiro de Edictos do Concello de Silleda , na páxina web do concello www.silleda.gal ou www.silleda.es , e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude.

2.2.— TRAMITACIÓN E SEGUIMENTO

1. De acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007 e no correlativo artigo 31.4, o órgano competente para a tramitación do procedemento comezará a instrución dos expedientes por orde de entrada na unidade tramitadora atendendo ao disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, concedendo a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do

crédito. O órgano xestor publicará no taboleiro e na páxina web do Concello de Silleda o esgotamento da partida orzamentaria e non admitirá as solicitudes posteriores destinadas á subvención, salvo que se produza un incremento do crédito.

Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude coa intensidade prevista no artigo 1.4 desta resolución, o crédito esgotarase nela coa porcentaxe de axuda que resulte.

No caso de coincidencia na data entre varias solicitudes, e cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a todas coa intensidade de axuda solicitada, o crédito distribuirase de maneira ponderada entre elas en función da solicitude e respectando o límite de intensidade máxima prevista no artigo 1.4.

A comunicación do saldo pendente estará disponible no link da web do Concello

2. Conforme ao establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, se a solicitude de axuda non reúne os requisitos esixidos nesta lei e na presente resolución, a persoa interesada será requirida para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do devandito requirimento, rectifique a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o fixese, procederase conforme ao que determina o artigo 42.1 da citada lei.

Este requirimento de corrección tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 6.1 resulta que o/a solicitante non está ao corrente de pago das súas obrigacións tributarias e sociais co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao/á solicitante que achegue cuantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na que se indicarán as causas da mesma.

Para as accións de control, seguimento o servizo de emprego e desenvolvemento local poderá requirirille aos/ás empresarios/as e/ou ás pequenas e medianas empresas beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

Base 3ª.—SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

3.1.—SOLICITUDES As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (Anexo I), presentaranse no Rexistro Xeral do concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes (Anexo I) dirixiranse á Concellería de Emprego, debendo ir acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada):

- Declaración xurada do cumprimento dos requisitos segundo o punto 1.2 e 1.3 da base 1ª da subvención (Anexo II).
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo III).
- Declaración xurada das axudas solicitadas e/ou concedidas (Anexo IV)
- Memoria xustificativa do proxecto empresarial (Anexo V).
- Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as
- NIF/DNI da empresa/empresario/a individual e dos socios/as/comuneiros/as e, no seu caso, copia do contrato/escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil (no caso de sociedade limitada só se precisa o DNI da persoa representante da empresa e mais das persoas socias que se autoempreguen).
- Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o documento único electrónico (DUE).
- Alta no correspondente réxime da Seguridade Social e vida laboral dos/as empresarios/as traballadores/as que creen os seus propios postos de traballos.
- Facturas dos gastos para os que se solicitou a subvención xunto coa póliza do seguro e contrato de aluguer, no seu caso.

No caso de licenzas deberá indicar a contía aboada.

- Relación de facturas presentadas dos gastos subvencionables recollidos na Base 1ª, punto 1.4 (Anexo VI).
- Solicitude de licenza de apertura, licenza de obras ou comunicación previa cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade. Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que segundo a base 4ª resulte esixible, requirirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de dez días resolva/n a falla ou achegue/n os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non se fixese, desistirse da súa solicitude, arquivándose a/s mesma/s, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Toda a documentación deberá presentarse debidamente cuberta, numerada, con data, identificación da persoa solicitante e/ou da empresa e debidamente asinada.

3.2.—OBRIGAS

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas da empresa beneficiaria:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que está ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
- Non procederá o pago da subvención en tanto a persoa ou empresa beneficiaria non acredite estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.
- Comunicarlle ao Concello Silleda calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.
- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
- O/A beneficiario/a deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións, e facilitará a esta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o cal deberá conservar

os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

3.3.—PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 31/12/2016 ou ata esgotar o orzamento, que se contará a partir o día seguinte á data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos/as solicitantes, previa solicitude que debe presentar no rexistro xeral do concello.

Base 4ª.—CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

1.—A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Concellería de emprego.

2.—O prazo para resolver será, como máximo, de tres meses dende a presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do concello.

As solicitudes iran resolvéndose a medida que se vaian presentando.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis.

Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento publicarase no Taboleiro de Edictos do concello e na páxina web do concello www.silleda.es e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude, no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, segundo o artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Unha vez concedidas as axudas faranse efectivas cun pagamento do 75% da cuantía total no momento de ser concedida e o restante 25% os seis meses da concesión, condicionadas a que a empresa estea ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co concello e á presentación, da documentación seguinte como xustificación da subvención, no prazo anteriormente sinalado:

a) Unha relación clasificada dos gastos totais, con identificación do/a acreedor/a e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago (Só serán aceptados pagos realizados por medios bancarios). Nas facturas computarase o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. Só deberá presentar as facturas relacionadas no Anexo VII.

e) Facturas compulsadas polo importe total da subvención outorgada.

As facturas deberán conter os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación, dos que cabe destacar os seguintes:

- Número e, no seu caso, serie.
- Data da súa expedición.
- Nome e apelidos, razón ou denominación social completa de quen expide a factura e do/da destinatario/a das operacións.
- Número de identificación fiscal do/a obrigado/a a expedir factura e do/a destinatario/a.
- Enderezo do/a obrigado/a a expedir a factura e do/a destinatario/a das operacións

—Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base impositiva, o imposto correspondente e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto destas operacións e calquera desconto ou rebaixa non incluído no prezo.

- O tipo impositivo ou tipos impositivos, no seu caso, aplicados ás operacións
- A cota tributaria que, no seu caso, repercute, consignada por separado
- Especificación, por separado, da parte de base impositiva correspondente a cada unha das operacións documentadas na mesma factura nos casos indicados.

f) Declaración xurada do/a perceptor/a (Anexo VIII), acreditativa dos seguintes extremos:

— Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada. (Só serán aceptados pagos realizados por medios bancarios)

— Que foron aboadas ás persoas expedicionarias ou, no seu caso, ás persoas titulares do dereito que incorporan.

— Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

d) Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e coa AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as.

e) Fotografía do cartel informativo da subvención que será subministrado pola Concellería de emprego.

O prazo para a presentación desta documentación será de 20 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da súa notificación da concesión da correspondente axuda.

Toda a documentación presentada deberá estar numerada, con data, identificación da persoa solicitante e da empresa e a sinatura da persoa representante.

A Concellería de emprego, que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención no momento do pago, sen prexuízo da fiscalización que corresponde ao departamento de intervención.

Base 5ª. PUBLICIDADE

5.1.—PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DAS AXUDAS.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2016 do Programa de axudas municipais á creación de emprego no Concello de Silleda publicarase no boletín oficial da Provincia de Pontevedra, nos xornais de maior tirada da cidade e na páxina web www.silleda.gal e www.silleda.es , unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

As citadas bases reguladoras, convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes, facilitaranse no servizo de Emprego, na páxina web www.silleda.gal e www.silleda.es e nas dependencias de información do Concello de Silleda.

5.2.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS.

Todas as axudas que se concedan serán publicadas, con estas indicacións, na páxina web www.silleda.gal e www.silleda.es , expostas no Taboleiro de Edictos do Concello de Silleda e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude.

5.3.—PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PÚBLICO.

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Silleda . O modelo normalizado do cartel será subministrado pola Concellería de Emprego.

Base 6ª.—TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas só serán aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter estas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a Concellería de emprego.

Base 7ª.—PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

7.1.—PERDA DO DEREITO AO COBRO:

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

Se no caso de ter pechado o local/negoció antes do transcurso dos seis meses da concesión da axuda , o adjudicatario non terá dereito a percibir o 25% restante pendente da axuda, así mesmo , quedará forá de poder optar a calquera outra axuda desta índole que facilite o Concello de Silleda.

7.2.—RENUNCIA:

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

7.3.—NULIDADE, REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS:

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal. En relación ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Base 8ª.—NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os

preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Base 9ª.—DISPOSICIÓN ADICIONAIS

ÚNICA.- As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria **357631 "PLAN MICROCRÉDITO A EMPRENDEDORES "** do orzamento municipal para o ano 2015, cun importe total de **15.000€**. Poderase ampliar o crédito e modificar a partida orzamentaria, logo de declaración de dispoñibilidade do crédito nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

Base 10ª.—DISPOSICIÓN FINAL Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P. O Concello de Silleda quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

Silleda a ,12 de Xaneiro de 2016.— A Concelleira de Emprego.

----- ... -----

5º.- APROBACION INICIAL DA ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

PROPOSTA DE ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE SILLEDA

PREÁMBULO

A principal manifestación da identidade cultural dun país é a súa lingua. O galego, lingua propia de Galiza, é o máximo expoñente da nosa identidade como comunidade diferenciada. A lingua galega, no decorrer da súa historia coñeceu períodos de "normalidade", sendo lingua de uso común en todos os ámbitos. A historia móstranos como na segunda metade do século XIII, organismos civís, gremios, contrarias, mosteiros e conventos teñen no galego a súa lingua vehicular, e mesmo se traducen do castelán os códigos civís chegados dos territorios lingüísticos casteláns. É a partir de finais do século XIV cando comeza a progresiva substitución do galego polo castelán nos contextos formais anteditos, manténdose, porén, o galego como lingua oral. Houbo que agardar ate o século XVIII para que aparecesen as primeiras voces que reclamaban a restitución do uso do galego en todos os ámbitos. Estes xermolos florecen durante século XIX e dan os seus froitos máis vizosos no Estatuto de Autonomía de 1936; primeira normativa legal que recoñece a oficialidade do galego. A sublevación fascista malogrou a aplicación desta lexislación.

Coa instauración dun novo marco democrático no Estado español, mellóranse as condicións para ir avanzando na normalización da nosa lingua. A Constitución española de 1978 proclama "a vontade de protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas, tradicións, linguas e institucións", establecendo no artigo 3.2 que as linguas do Estado diferentes ao castelán serán oficiais nas súas respectivas comunidades, de acordo con cada Estatuto. A promulgación do Estatuto de Autonomía de Galiza en 1981 proclama a lingua galega como oficial de Galiza, na súa calidade de lingua propia desta terra, e desenvolve aínda máis este precepto ao encomendarlles aos poderes públicos de Galicia que garantan o uso normal e oficial da lingua galega -xuntamente coa

castelá- e potencien o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, acrecentando que "disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento" (art. 5.3 E.A.G). A proclamación da oficialidade da lingua galega impón unha serie de obrigas aos poderes públicos autonómicos. Estes han de utilizala como lingua de uso normal de comunicación entre eles e nas súas relacións coa cidadanía. Ao mesmo tempo, as cidadás e os cidadáns adquiren unha serie de dereitos lingüísticos que han de ser respectados pola Administración, para o que esta ha de estar en disposición de traballar en igualdade nunha e noutra lingua oficial de Galicia (galego e castelán). A Lei de normalización lingüística (15 de xuño de 1983) desenvolve aínda máis este mandato estatutario. A Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta Lei (art. 6.4). Con posterioridade á promulgación desta Lei, fóronse aprobando ordes e decretos que veñen complementar o marco legal e van no camiño de colaborar na recuperación plena do uso do idioma galego nos diferentes ámbitos. É especialmente salientábel neste camiño a Lei 5/1988, de Uso do Galego como Lingua Oficial polas Entidades Locais.

En Galiza, onde a inmensa maioría da poboación fala ou entende a súa lingua, as Corporacións Locais poden e deben desenvolver accións encamiñadas a recuperaren o uso do noso idioma para os usos administrativos. O papel que xogan os concellos resulta de grande relevancia en calquera proxecto oficial que busque unha grande efectividade social, por seren institucións de enorme espallamento e as máis próximas ás cidadás e aos cidadáns. A lingua galega precisa o recoñecemento oficial previsto nas leis para que os complexos lingüísticos presentes na nosa sociedade desaparezan. É preciso, pois, que os rexedores municipais, en primeiro lugar, corrixan os hábitos lingüísticos existentes de predominio totalmente desequilibrado da lingua castelá. Por considerarmos que as razóns expostas abundan para mudar as actitudes lingüísticas e dotar ao Concello de Silleda dunha Ordenanza de Normalización lingüística.

CAPÍTULO I

Artigo 1

- O galego, lingua propia de Galiza, é tamén a lingua propia do Concello de Silleda, sendo ademais o idioma de uso normal en todas as súas actividades.
- En consecuencia, o galego será o idioma oficial do Concello de Silleda, como tamén o castelán, lingua oficial en todo o Estado.
- A cidadanía ten dereito a ser atendida e obter copia ou recibir notificacións da documentación municipal no idioma oficial da súa elección.
- Sempre que neste documento apareza a denominación Concello de Silleda ten que entenderse que se está a referir tamén a todas as unidades funcionais que o compoñen.

Artigo 2

O Concello de Silleda empregará normalmente o galego nas súas actuacións administrativas internas, nas relacións coa cidadanía e coas entidades públicas situadas en Galiza. Nas relacións coas persoas ou entidades radicadas fóra do territorio da nosa Comunidade Autónoma, o Concello empregará normalmente o castelán.

CAPÍTULO II

Resolucións e documentación administrativa

Artigo 3

Serán redactadas en galego:

- As convocatorias de sesións de todos os órganos colexiados da Corporación e nomeadamente as do Pleno, Comisións de Goberno, Comisións Informativas, Consellos Sectoriais e Tribunais de oposicións e concursos.
- As actas das sesións dos anteditos órganos municipais .
- As resolucións do/a alcalde/sa, dos/as concelleiros/as e o seu Libro de Rexistro.

Artigo 4

A documentación administrativa que dea lugar á adopción dos acordos e resolucións referidos no artigo anterior tamén será redactada e tramitada en galego, idioma no que se elaborarán os

modelos de documentación e impresos. A Administración facilitará modelos en castelán a quen así o demandase.

Artigo 5

Os documentos contractuais subscritos polo Concello serán redactados en galego. Se a outra parte contratante tivese un negocio debera producir efecto fóra da Comunidade Autónoma, tamén será redactado en castelán.

Artigo 6

Redactaranse en galego os documentos académicos, de xestión de persoal, informes, documentos contábeis e de xestión xeral, así como os oficios, citacións, convites, etc.

Artigo 7

Nos rexistros administrativos do Concello de Silleda os asentos faranse en galego, sen prexuízo do que para os rexistros públicos establece o artigo 9 da Lei 3/1983.

CAPÍTULO III

Atención ao público

Artigo 8

Os servizos da oficina de información e demais unidades administrativas que teñan unha relación co público máis intensa, promocionarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación, de acordo cos criterios de máximo respecto e non discriminación.

O disposto no presente artigo tamén é de aplicación ás empresas ou entidades que presten servizos públicos municipais por concesión, arrendamento ou concerto.

CAPÍTULO IV

Relación coas empresas privadas

Artigo 9

Os estudos, proxectos e traballos semellantes que o Concello encomende a terceiros dentro do ámbito territorial galego terán que ser redactados en galego.

As empresas adjudicatarias ou concesionarias, cando actúen por conta deste Concello, así como as de explotación mixta en que sexa parte o Concello, usarán normalmente o galego, nos mesmos termos que para o propio Concello dispón a presente ordenanza O Concello terá especial preocupación para que a nivel interno e nas actividades en que participe --convenios, consorcios-, sexan aplicados os principios aquí establecidos.

CAPÍTULO V

Anuncios e publicacións

Artigo 10

Redactaranse en galego os anuncios oficiais da Corporación que se publiquen no BOP, DOGA ou calquera medio de comunicación radicado na nosa Comunidade Autónoma.

A publicidade farase en versión bilingüe cando vaia dirixida fóra do ámbito lingüístico galego.

Artigo 11

As publicacións editadas polo Concello, teñan ou non carácter periódico, e as campañas de divulgación e publicidade realizaranse en lingua galega.

Artigo 12

Os cargos públicos do Concello expresaranse normalmente en galego nos actos públicos celebrados en Galiza, sempre que a intervención sexa por razón do seu propio cargo.

CAPÍTULO VI

Topónimos, sinalización e rótulos

Artigo 13

Consonte co que dispón o artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do territorio municipal do Concello de Silleda é a galega, ao igual que a dos demais topónimos de Galiza.

Artigo 14

Os rótulos e sinalización da Casa do Concello, dos outros edificios e servizos públicos e da rede viaria municipal redactaranse en lingua galega. Cando o interese xeral así o requira os sinais informativos tamén se redactarán noutros idiomas.

CAPÍTULO VII

Persoal ao servizo da Corporación

Artigo 15

A declaración de cooficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ao servizo da Corporación estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e escrito, en igualdade co castelán e de acordo coa natureza do seu posto de traballo, O persoal de atención pública do Concello, dirixirase á cidadanía en galego, agás nos casos que se solicite a atención en castelán.

CAPÍTULO VIII

Relación con outras Administracións

Artigo 16

As actuacións realizadas polo Concello perante os órganos de xustiza sitas fóra do territorio galego farase nas dúas linguas, indicando en todo caso que a tradución ao castelán parte dun orixinal en galego, consignándose sempre por escrito o cumprimento do artigo 7.2 da Lei 3/1983, de normalización lingüística, referente á utilización da lingua galega por parte da Administración de Xustiza.

CAPÍTULO IX

Impulso da Lei de Normalización Lingüística

Artigo 17

Ademais da aprobación deste regulamento, e até non se acadar o obxectivo do uso normal da lingua galega, compre prever accións que permitan facer un seguimento e unha avaliación da aplicación do mesmo, no marco xeral do proceso de normalización lingüística na Administración Municipal de Silleda.

Crearase unha comisión de seguimento que se reunirá como mínimo con carácter anual na que estarán representados o Concello, a través da persoa responsábel da área de Normalización Lingüística e representantes do persoal.

Artigo 18

A dinamización lingüística promove e apoia actuacións que favorezan a normalización do galego no Concello de Silleda, mediante a difusión de material terminolóxico de apoio ao ensino, comercio, mocidade, sanidade, os ámbitos empresarial, socio-cultural e deportivo ... e en xeral a toda a sociedade, deseño de campañas propagandísticas de normalización, etc. As citadas actuacións respectarán en todo caso o marco competencial da Comunidade Autónoma de Galiza.

Silleda, novembro de 2015

PROPOSTA DE ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE SILLEDA

PREÁMBULO

A principal manifestación da identidade cultural dun país é a súa lingua. O galego, lingua propia de Galiza, é o máximo expoñente da nosa identidade como comunidade diferenciada. A lingua galega, no decorrer da súa historial coñeceu períodos de "normalidade", sendo lingua de uso común en todos os ámbitos. A historia móstranos como na segunda metade do século

XIII, organismos civís, gremios, contrarias, mosteiros e conventos teñen no galego a súa lingua vehicular, e mesmo se traducen do castelán os códigos civís chegados dos territorios lingüísticos casteláns. É a partir de finais do século XIV cando comeza a progresiva substitución do galego polo castelán nos contextos formais anteditos, manténdose, porén, o galego como lingua oral. Houbo que agardar ate o século XVIII para que aparecesen as primeiras voces que reclamaban a restitución do uso do galego en todos os ámbitos. Estes xermolos florecen durante oséculo XIX e dan os seus froitos máis vizosos no Estatuto de Autonomía de 1936; primeira normativa legal que recoñece a oficialidade do galego. A sublevación fascista malogrou a aplicación desta lexislación.

Coa instauración dun novo marco democrático no Estado español, mellóranse as condicións para ir avanzando na normalización da nosa lingua. A Constitución española de 1978 proclama "a vontade de protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas, tradicións, linguas e institucións", establecendo no artigo 3.2 que as linguas do Estado diferentes ao castelán serán oficiais nas súas respectivas comunidades, de acordo con cada Estatuto. A promulgación do Estatuto de Autonomía de Galiza en 1981 proclama a lingua galega como oficial de Galiza, na súa calidade de lingua propia desta terra, e desenvolve aínda máis este precepto ao encomendarlles aos poderes públicos de Galicia que garantan o uso normal e oficial da lingua galega -xuntamente coa castelá- e potencien o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, acrecentando que "disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento" (art. 5.3 E.A.G). A proclamación da oficialidade da lingua galega impón unha serie de obrigas aos poderes públicos autonómicos. Estes han de utilizala como lingua de uso normal de comunicación entre eles e nas súas relacións coa cidadanía. Ao mesmo tempo, as cidadás e os cidadáns adquiren unha serie de dereitos lingüísticos que han de ser respectados pola Administración, para o que esta ha de estar en disposición de traballar en igualdade nunha e noutra lingua oficial de Galicia (galego e castelán). A Lei de normalización lingüística (15 de xuño de 1983) desenvolve aínda máis este mandato estatutario. A Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta Lei (art. 6.4). Con posterioridade á promulgación desta Lei, fóronse aprobando ordes e decretos que veñen complementar o marco legal e van no camiño de colaborar na recuperación plena do uso do idioma galego nos diferentes ámbitos. É especialmente salientábel neste camiño a Leí 5/1988, de Uso do Galego como Lingua Oficial polas Entidades Locais.

En Galiza, onde a inmensa maioría da poboación fala ou entende a súa lingua, as Corporacións Locais poden e deben desenvolver accións encamiñadas a recuperaren o uso do noso idioma para os usos administrativos. O papel que xogan os concellos resulta de grande relevancia en calquera proxecto oficial que busque unha grande efectividade social, por seren institucións de enorme espallamento e as máis próximas ás cidadás e aos cidadáns. A lingua galega precisa o recoñecemento oficial previsto nas leis para que os complexos lingüísticos presentes na nosa sociedade desaparezan. É preciso, pois, que os rexedores municipais, en primeiro lugar, corrixan os hábitos lingüísticos existentes de predominio totalmente desequilibrado da lingua castelá. Por considerarmos que as razóns expostas abundan para mudar as actitudes lingüísticas e dotar ao Concello de Silleda dunha Ordenanza de Normalización lingüística.

CAPÍTULO I

Artigo 1

- O galego, lingua propia de Galiza, é tamén a lingua propia do Concello de Silleda, sendo ademais o idioma de uso normal en todas as súas actividades.
- En consecuencia, o galego será o idioma oficial do Concello de Silleda, como tamén o castelán, lingua oficial en todo o Estado.
- A cidadanía ten dereito a ser atendida e obter copia ou recibir notificacións da documentación municipal no idioma oficial da súa elección.
- Sempre que neste documento apareza a denominación Concello de Silleda ten que entenderse que se está a referir tamén a todas as unidades funcionais que o compoñen.

Artigo 2

O Concello de Silleda empregará normalmente o galego nas súas actuacións administrativas internas, nas relacións coa cidadanía e coas entidades públicas situadas en Galiza. Nas relacións coas persoas ou entidades radicadas fóra do territorio da nosa Comunidade Autónoma, o Concello empregará normalmente o castelán.

CAPÍTULO II

Resolucións e documentación administrativa

Artigo 3

Serán redactadas en galego:

- As convocatorias de sesións de todos os órganos colexiados da Corporación e nomeadamente as do Pleno, Comisións de Goberno, Comisións Informativas, Consellos Sectoriais e Tribunais de oposicións e concursos.
- As actas das sesións dos anteditos órganos municipais .
- As resolucións do/a alcalde/sa, dos/as concelleiros/as e o seu Libro de Rexistro.

Artigo 4

A documentación administrativa que dea lugar á adopción dos acordos e resolucións referidos no artigo anterior tamén será redactada e tramitada en galego, idioma no que se elaborarán os modelos de documentación e impresos. A Administración facilitará modelos en castelán a quen así o demandase.

Artigo 5

Os documentos contractuais subscritos polo Concello serán redactados en galego.

Se a outra parte contratante tivese un negocio debera producir efecto fóra da Comunidade Autónoma, tamén será redactado en castelán.

Artigo 6

Redactaranse en galego os documentos académicos, de xestión de persoal, informes, documentos contábeis e de xestión xeral, así como os oficios, citacións, convites, etc.

Artigo 7

Nos rexistros administrativos do Concello de Silleda os asentos faranse en galego, sen prexuízo do que para os rexistros públicos establece o artigo 9 da Lei 3/1983.

CAPÍTULO III

Atención ao público

Artigo 8

Os servizos da oficina de información e demais unidades administrativas que teñan unha relación co público máis intensa, promocionarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación, de acordo cos criterios de máximo respecto e non discriminación.

O disposto no presente artigo tamén é de aplicación ás empresas ou entidades que presten servizos públicos municipais por concesión, arrendamento ou concerto.

CAPÍTULO IV

Relación coas empresas privadas

Artigo 9

Os estudos, proxectos e traballos semellantes que o Concello encomende a terceiros dentro do ámbito territorial galego terán que ser redactados en galego.

As empresas adjudicatarias ou concesionarias, cando actúen por conta deste Concello, así como as de explotación mixta en que sexa parte o Concello, usarán normalmente o galego, nos mesmos termos que para o propio Concello dispón a presente ordenanza. O Concello terá especial preocupación para que a nivel interno e nas actividades en que participe --convenios, consorcios-, sexan aplicados os principios aquí establecidos.

CAPÍTULO V

Anuncios e publicacións

Artigo 10

Redactaranse en galego os anuncios oficiais da Corporación que se publiquen no BOP, DOGA ou calquera medio de comunicación radicado na nosa Comunidade Autónoma.

A publicidade farase en versión bilingüe cando vaia dirixida fóra do ámbito lingüístico galego.

Artigo 11

As publicacións editadas polo Concello, teñan ou non carácter periódico, e as campañas de divulgación e publicidade realizaranse en lingua galega.

Artigo 12

Os cargos públicos do Concello expresaranse normalmente en galego nos actos públicos celebrados en Galiza, sempre que a intervención sexa por razón do seu propio cargo.

CAPÍTULO VI

Topónimos, sinalización e rótulos

Artigo 13

Consonte co que dispón o artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do territorio municipal do Concello de Silleda é a galega, ao igual que a dos demais topónimos de Galiza.

Artigo 14

Os rótulos e sinalización da Casa do Concello, dos outros edificios e servizos públicos e da rede viaria municipal redactaranse en lingua galega. Cando o interese xeral así o requira os sinais informativos tamén se redactarán noutros idiomas.

CAPÍTULO VII

Persoal ao servizo da Corporación

Artigo 15

A declaración de cooficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ao servizo da Corporación estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e escrito, en igualdade co castelán e de acordo coa natureza do seu posto de traballo,

O persoal de atención pública do Concello, dirixirase á cidadanía en galego, agás nos casos que se solicite a atención en castelán.

CAPÍTULO VIII

Relación con outras Administracións

Artigo 16

As actuacións realizadas polo Concello perante os órganos de xustiza sitas fóra do territorio galego farase nas dúas linguas, indicando en todo caso que a tradución ao castelán parte dun orixinal en galego, consignándose sempre por escrito o cumprimento do artigo 7.2 da Lei 3/1983, de normalización lingüística, referente á utilización da lingua galega por parte da Administración de Xustiza.

CAPÍTULO IX

Impulso da Lei de Normalización Lingüística

Artigo 17

Ademais da aprobación deste regulamento, e até non se acadar o obxectivo do uso normal da lingua galega, compre prever accións que permitan facer un seguimento e unha avaliación da aplicación do mesmo, no marco xeral do proceso de normalización lingüística na Administración Municipal de Silleda.

Crearase unha comisión de seguimento que se reunirá como mínimo con carácter anual na que estarán representados o Concello, a través da persoa responsábel da área de Normalización Lingüística e representantes do persoal.

Artigo 18

A dinamización lingüística promove e apoia actuacións que favorezan a normalización do galego no Concello de Silleda, mediante a difusión de material terminolóxico de apoio ao

ensino, comercio, mocidade, sanidade, os ámbitos empresarial, socio-cultural e deportivo ... e en xeral a toda a sociedade, deseño de campañas propagandísticas de normalización, etc. As citadas actuacións respectarán en todo caso o marco competencial da Comunidade Autónoma de Galiza.

Silleda, novembro de 2015

----- ... -----

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión as doce e dez horas, estendéndose a presente acta, do que, dou fe e certifico, na miña condición de feudatario público.

Silleda, a 28 de Xaneiro de 2016

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga